

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2023**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de setembro de 2023, baixo a presidencia de D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, , D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretaria a concelleira secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión da licenza urbanística para a instalación dun ascensor nun edificio de vivendas na rúa Monte Faro, número 109 (exp. 2023/Y001/000108).

Tamén se acorda denegar as licenzas urbanísticas: para a construción de edificio prefabricado para centro de transformación e almacenamento de enerxía eléctrica en cancelos, Penarrubia (2023/Y001/000125) e para a reforma de vivenda tradicional no núcleo rural tradicional de Tellado, número 22, parroquia de Romeán (2022/Y001/000057).

Así mesmo acordase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para corte para vacún de leite e fosa de xurro en Pacios-San Xoán do Campo (exp. 2023/Y001/000127); para modificación na execución de cubertas para dúas foxas de xurro, como modificación do proxecto con licenza procedemento 2020/Y001/000066. sitúase en Lamaboa, parroquia de San Xoán do Campo (exp. 2023/y001/000117) e para instalación de ascensor en edificio existente na rúa Concepción Arenal, número 2 (2023/Y001/000107).

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a terceira prórroga na

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac246849984443440297.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-9-2023

contratación da prestación dun servizo de mantemento integral de ascensores (lote 1) e de portas automáticas e motorizadas (lote 2) nas instalacións municipais. aprobación (exp. ref. 2019-014) (tecol 2020/C003/000060).

Tamén se acorda a terceira e derradeira prórroga do contrato para a subministración de produtos químicos para mantemento da auga das piscinas municipais, exp. ref. 2020/C004/000005, que vai dende o día 16-10-2023 ata o 15-10-2024.

**3. FOMENTO.-** Acórdase o convenio de cooperación entre o concello de Lugo e a entidade Torre de Núñez de Conturiz, S.L., para cooperar no financiamento da programación da capital da cultura.

Tamén se acorda aprobar o convenio de cooperación entre o concello de Lugo e a entidade comunidade de propietarios centro comercial as Termas para cooperar no financiamento da actividade festival urban cores dentro da programación da capital da cultura.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para rehabilitación e ampliación en planta baixa e alta de vivenda unifamiliar, no núcleo rural tradicional de Portiño-Galegos de Arriba, parroquia de Castelo-Santiago de Afora.

Acórdase estimar o recurso reposición presentado 23/01/23 contra a regularización trib. do exp. 47/19.

**5. PERSOAL.-** Acórdase o compromiso OEP 2024 praza de auxiliar de biblioteca.

Tamén se acorda o nomeamento dunha funcionaria de carreira do excmo. concello de Lugo para desempeñar a praza de técnico/a de administración xeral (grupo de titulación: grupo a (subgrupo A1); escala: administración xeral; subescala: técnica; clase: superior).

### ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

**6. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a aprobación das bases e da convocatoria pública das subvencións destinadas ao desprazamento en taxi adaptado. Convocatoria ano 2023.

Tamén se acorda a aprobación das bases e da convocatoria pública das subvencións destinadas a asociacións sen ánimo de lucro. Convocatoria ano 2023.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación das bases e da convocatoria pública das subvencións destinadas ao mantemento de taxi adaptado (taxistas). Convocatoria ano 2023.

**Asinado dixitalmente pola tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Sostibilidde Urbana e Recursos Internos e Impulso Rural e concelleira secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.**